

EDUCACIÓN INFANTIL / EDUCACIÓN PRIMARIA

SAÚDE na escola

PROGRAMA DE PREVENCIÓN DO CONSUMO DE DROGAS

**GUIA PARA O PROFESORADO
DE EDUCACIÓN INFANTIL
E EDUCACIÓN PRIMARIA OBRIGATORIA**





SAÚDE na escola

GUIA PARA O PROFESORADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA OBRIGATORIA

ÍNDICE

Contexto e evolución do programa	1
Educación infantil e educación primaria obrigatoria: novos materias....	2
Currículos de educación infantil – educación primaria obrigatoria	3
Referentes psicopedagóxicos	6
A función do profesorado.....	7
Tres aspectos fundamentais na nova proposta curricular	8
Obxectivos e contidos educativos en EPO	9
Contidos educativos – infantil	10
Contidos educativos – EPO	11
Proposta metodolóxica	12
Actividades	13
A temporalización	13
Os criterios de avaliación	14

Edita: Xunta de Galicia.
Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde.
Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde
Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias

Autores: Cid González, M^a Aurora
Fernández Rodríguez, Alejandra
González Nóvoa, M^a del Carmen
Isorna Folgar, Manuel
Morán Iglesias, Jesús
Navia Rei, Carlos

Deseño e edición: Kalandraka Editora

Ano: 2008/2009

CONTEXTO E EVOLUCIÓN DO PROGRAMA

1994

- Convenio entre as consellerías implicadas.
- Elaboración previa por un grupo multidisciplinar.
- Presentación nas II Xornadas de Educación para a Saúde.
- Posta en marcha no curso 1994-95 en 109 centros.

1999

- Ampla cobertura:
 - 45% centros
 - 16% profesorado
 - 31% alumnado
- Avaliación do programa na ESO:
Novos materiais ESO e bacharelatos.

2000

- Avaliación do programa na EPO.

2001

2005

- Elaboración de novos materiais para Infantil-EPO.

2007

2008

- Implantación de novos materiais para Infantil-EPO.



A educación infantil e a educación primaria obrigatoria: NOVOS MATERIAS

- GUÍA METODOLÓXICA PARA O PROFESORADO

Presentación con orientacións curriculares, contidos, metodoloxía e pautas para a aplicación.

- CARPETA PARA O PROFESORADO


Contén todas as unidades das dúas etapas.

- CÓMIC

Contén as historietas continuadas desde infantil ata 6º de EPO.
(entrégase so a alumnado deste curso)

- CADERNOS PARA O ALUMNADO

Están secuenciados por ciclo.



No novo currículo de EPO (Decreto 130/2007), e no currículo aínda inédito de educación infantil, ten enorme importancia a presenza das competencias básicas que o alumnado deberá desenvolver ao longo destas etapas e completar na educación secundaria obrigatoria.

Entre estas competencias, destacamos especialmente aquelas relacionadas coa prevención e coa saúde:

- A:** Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico
- B:** Competencia para aprender a aprender
- C:** Competencia en autonomía e iniciativa persoal

Permite argumentar as consecuencias duns ou doutros modos de vida, e adoptar unha disposición a unha vida física e mental saudables, nun contorno natural e social tamén saudables.

Supón considerar a dobre dimensión -individual e colectiva- da saúde, así como mostrar actitudes de responsabilidade e de respecto cara aos demais.



B: COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

Esta competencia ten dúas dimensións fundamentais:

- A adquisición da consciencia
 - das propias capacidades (intelectuais, emocionais, físicas)
 - do proceso e das estratexias necesarias para desenvolvelas
 - do que pode facer un mesmo e do que pode facer coa axuda doutras persoas
- Dispoñer dun sentimento de competencia persoal, que redunda na motivación, na confianza nun mesmo e no gusto por aprender.



C: COMPETENCIA EN AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

- Refírese á adquisición da consciencia e a aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, e a capacidade de elixir
- Na medida en que a autonomía e a iniciativa involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, para cooperar e para traballar en equipo:
 - poñerse no lugar do outro
 - valorar as ideas dos demais
 - dialogar e negociar
 - comunicar adecuadamente aos demais as propias decisións
 - traballar de forma cooperativa e flexible



REFERENTES PSICOPEDAGÓXICOS

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS PARA A PRÁCTICA DOCENTE

(R.D. 1344/1991: CURRÍCULO EPO)

- **Organización dos contidos cun enfoque globalizador**, abordando as drogas desde os seus diferentes aspectos e na súa totalidade.
- **Construción activa das aprendizaxes por parte do alumnado**, actuando o profesorado como guía e mediador para facilitar que estes sexan significativos.
 - Establecemento de relacións entre coñecementos, actitudes, opinións previas e os novos contidos.
- **Funcionalidade das aprendizaxes**,
 - aplicación práctica do coñecemento adquirido.
 - necesidade e utilidade para a adquisición de novos contidos.
 - desenvolvemento de habilidades e estratexias de planificación.
 - regulación da propia actividade de aprendizaxe (aprender a aprender).
- **Socialización entre iguais**, proporcionando pautas que permitan
 - a confrontación e a modificación de puntos de vista.
 - a coordinación de intereses.
 - a toma de decisións colectivas.
 - desenvolvemento da asertividade.



A FUNCIÓN DO PROFESORADO

- A función do profesorado vai máis aló da instrución ou o ensino, para entrar plenamente na educación personalizada, na súa dobre vertente de individualización e integración. (MEC, 1992)
- Na EPO propóñense **tres liñas para o desenvolvemento da acción tutorial** que se relacionan en gran medida coa prevención do consumo de drogas:



ENSINAR A SER PERSOA: desenvolvemento integral da personalidade. Neste caso cobran especial protagonismo a identidade persoal e a autoestima.


ENSINAR A CONVIVIR: contribuír ao desenvolvemento socioafectivo do alumnado. Comunicarse, cooperar, participar, respectar as normas, establecer relacións adecuadas cos demais, tomar decisións, resolver conflitos.

ENSINAR A PENSAR, ou mellor, **APRENDER A APRENDER**

- aprendizaxe de estratexias xerais de pensamento.
- desenvolvemento das capacidades intelectuais básicas.

TRES ASPECTOS FUNDAMENTAIS NA NOVA PROPOSTA CURRICULAR

- Enténdese como un **continuo ao longo das dúas etapas** (vén dada polo cómic). Non obstante, a prevención do consumo de drogas vaise facendo máis específica a medida que se vai producindo á entrada dos alumnos na preadolescencia.
- Nos primeiros cursos preténdese sentar as bases **xerando actitudes xerais referidas á saúde**, que van resultar moi positivas para continuar o dito traballo nas etapas posteriores.
- Pártese dun modelo de **colaboración entre a familia e o centro**. Isto supón que os pais deben coñecer e, na medida do posible, participar na intervención educativa que se emprenda para previr o consumo de drogas.



OBXECTIVOS E CONTIDOS EDUCATIVOS EN EPO

OBXECTIVOS

Coñecer e apreciar valores e normas de convivencia.

Adquirir habilidades para a prevención e a resolución pacífica de conflitos.

Valorar hixiene e saúde.




CONTIDOS

Coidado e mantemento da saúde.

Autoestima, autonomía e responsabilidade e independencia persoal.

Toma de decisións.

Interacción social, presión de grupo, comunicación interpersonal.



CONTIDOS EDUCATIVOS – INFANTIL



- ALIMENTACIÓN SAUDABLE
- AUTOESTIMA
- A SAÚDE
- OS XOGUETES
- EXPRESIÓN DE EMOCIONS
- HABILIDADES SOCIAIS
- AUTONOMÍA PERSOAL
- A PUBLICIDADE



CONTIDOS EDUCATIVOS – EPO

1° CICLO

1° CURSO

- a) Alimentación saludable
- b) Deporte, trabajo en equipo
- c) Habilidades sociales



2° CURSO

- a) O descanso
- b) Habilidades sociales: normas
- c) A saúde. O tabaco

2° CICLO

3° CURSO

- a) Habilidades sociales
- b) Alimentación
- c) Drogas

4° CURSO

- a) Habilidades sociales
- b) Autoestima
- c) Habilidades para a vida
- d) A saúde. O tabaco



3° CICLO

5° CURSO

- a) Curiosidade
- b) Risco vs risco controlado
- c) Toma de decisiones
- d) Tempo libre
- e) Tabaco-alcohol

6° CURSO

- a) Presión de grupo
- b) Diversión
- c) Curiosidade
- d) Drogas



PROPOSTA METODOLÓXICA

USO DE TÉCNICAS E PROCEDEMENTOS QUE FAVOREZAN OS SEGUINTE ASPECTOS:

- Cuestionarse as propias ideas ao contrastalas coa nova información.
- Xerar actitudes e valores persoais fundamentados na reflexión e que leven ao suxeito ao rexeitamento do consumo indebido de drogas.
- Tomar decisións valorando as consecuencias dos seus actos.
- Aplicar o aprendido á vida cotiá e real, así como en diferentes contextos. (transferencia).
- Involucrar os pais nos temas tratados no mesmo momento temporal que están a ser desenvolvidos na aula.



ACTIVIDADES

- Baseadas na construción propia do coñecemento.
- Abertas. Facilitadoras da reflexión e o pensamento crítico.
- Participativas. De realización:
 - colectiva
 - individual
- Graduadas á etapa e nivel educativo.
- Acompañadas de textos informativos.



A TEMPORALIZACIÓN

- Realista e aproximada á duración de cada sesión (50'-1h), o que favorece o control do proceso e a toma de decisións puntuais.
- Número recomendado para a eficacia dos programas preventivos: 8-10 sesións anuais.

OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

INDICADORES DE AVALIACIÓN

● PROCESO

- Grao de participación do alumnado nas actividades
- Clima educativo
- Idoneidade das actividades
- Interese e atención do alumnado cara ás actividades.
- Procedementos e estratexias que utiliza o alumnado para realizalas

● RESULTADOS

- Valoración do alumnado (grao de satisfacción)
 - Grao de consecución dos obxectivos propostos e desenvolvemento dos contidos
 - Nivel de afondamento nas cuestións formuladas
- Traballos realizados polo alumnado







XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE